

Imane Saadoui

Ola! Eu son unha muller que morreu aos 30 anos. O meu nome era Imane Saadoui e nacín en Marrocos, pero viñen para España. A continuación vouvos contar a miña historia.

Cando era pequena gustábame un rapaz da escola que se chamaba Serxio e namoreime del. Pouco a pouco el foi mostrando interese en min. Era máis maior, e naquel momento non podíamos casar porque eu era menor de idade.

Tempo despois encontrámonos na cafetería da miña vila e comezamos a falarnos. Eu seguía un pouco namorada del e el seguía mostrando o mesmo interese en min que cando estabamos na escola. E despois dun ano casamos na cidade de Cáceres, coas nosas familias. A miña nai e o meu pai estaban moi contentos. E os nosos pais levábanse moi ben.

Aos dous anos empezo a tratar moi mal: quería que estivese sempre na casa, batíame, berrábame... Eu contábalo todo á miña amiga porque así sentíame máis protexida. Ela quería que o deixase ou que o denunciase. Pero non podía.

O 1 de novembro eu estaba no salón e mireino vir cun coitelo cara a min, e empezou a cravarmo. Despois de matarme chamou ao cuartel da garda civil.